

**DECRETO DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal de 5 peóns en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA 2021.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 5 **Peóns**, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade. (DOG nº 78, de 27-04-2021).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 22/07/2021,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregada Pública do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Prado, Empregada Pública do Concello de Begonte.

Secretario: D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado Público do Concello de Begonte.

Vogais:

- D. Venancio López Iglesias, como representante da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Suplente: Dna. M.<sup>a</sup> Mar Iglesias García, como representante da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Dna. Rocío Martínez López, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Suplente: D. Juan Carlos Pérez Portas, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- D. Julio González Casanova, Empregado Público do Concello de Friol
- Suplente: D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro venres, día 6 de agosto de 2021 ás 10h00 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución e proceder a realización da proba práctica e valoración na fase de concurso dos méritos alegados polos aspirantes.



Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización das entrevistas, realización da proba práctica, nos seguintes horarios:

- 10.30 h. no Polígono Industrial de Begonte- Nave municipal, proba práctica.

\* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asínao o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

